DEC 2022
N.º 6
Actualidade
EN Ca Miño
www.concellodemino.gal
Depósito legal: C1771-2020

ECONOMÍA
Orzamento de 10,5 millóns de euros no ano 2022 Páx. 2

EDUCACIÓN
Nova cuberta para o patio do CEIP de Bemantes Páx. 9

SOLIDARIEDADE
Conta bancaria para os afectados por un incendio Páx. 17

RECOÑECEMENTO
Manuel Domingo Castiñeira, fillo adoptivo Páx. 20

Merecido recoñecemento para todo o deporte de Miño

O Centro Social da Rúa acolleu o pasado venres, 16 de decembro, a I Gala do Deporte de Miño, un evento que adquire unha especial relevancia xa que permite recoñecer de xeito público o traballo e o esforzo que fan durante o ano os deportistas e entidades deportivas do municipio. Para isto, creáronse once categorías. A gala, á que os deportistas asistiron acompañados de familia e amigos, foi todo un éxito e permitiu vivir unha xornada marcada por algúns dos principais valores do deporte: o compañeirismo, o esforzo, o traballo ou o afán de superación. Páx. 18

Cheo no Centro Social da Rúa

A reforma do Club Náutico encara a súa última fase

O reinicio das obras de reforma e ampliación do Club Naútico permitirán que, durante o ano 2023, os usuarios e usuarias das instalacións xa poidan facer uso delas. O novo proxecto conta cun orzamento total de 307.000 euros. Páx. 5

'A Ceboliña' cun espazo máis moderno e accesible

A reforma e ampliación da escola infantil municipal 'A Ceboliña' pretende dar resposta á demanda xerada neste servizo debido ao incremento da poboación que está a vivir o municipio nos últimos anos. Páx. 9

Continúa o ascenso das contas do Concello, cun orzamento de 10,1 millóns de euros

No ano 2022 contempláronse investimentos de 3 millóns de euros, máis do dobre que no 2021

A xestión económica que está a levar a cabo o goberno local de Miño continúa a dar os seus froitos. A pesar da delicada situación na que está inmerso aínda o Concello, as contas medran ano tras ano. Para o ano 2022 o orzamento municipal foi de 10,1 millóns de euros, cos investimentos como protagonistas.

O documento inclúe un importante paquete de investimentos por valor de 3 millóns de euros, algúns que xa están executados e outros que están por executar, sufragados con fondos propios e a través de diferentes plans de subvencións. Esta partida para investimentos supón algo máis do dobre do reflectido nos orzamentos do ano 2021 para este fin (1,3 millóns de euros). Este esforzo é posible grazas ao traballo realizado polo goberno local, chamando á porta de todas as administracións, desde o Goberno do Estado á Xunta de Galicia ou á Deputación da Coruña, colleitando así un incremento de 2,3 millóns de euros en subvencións con respecto ao ano anterior, que permitiron manter e ofrecer máis e mellores servizos aos veciños e veciñas de Miño, a pesar da delicada situación económica das arcas municipais.

A xestión da tesourería que está levando a cabo o goberno local permitiu que as contas experimenten unha tendencia ascendente nos últimos anos, medrando en máis de 2,5 millóns de euros con respecto ao exercicio anterior.

Táboa comparativa con respecto ás contas do ano 2021

Subvencións e axudas

No orzamento deste ano inclúense tamén as subvencións e axudas a entidades e particulares que logrou manter o Concello: concesión de axudas de libros e comedor, subvencións para actividades culturais e deportivas, as nominativas, festivais, axudas de emerxencia social...

Manuel Vázquez Faraldo cre que "Miño xa ten outra cara", facendo referencia a que "antes víase un pobo que ía a menos e agora somos unha vila en continuo crecemento, onde a xente ven vivir e os veciños dispoñen, cada vez, máis, de máis e mellores medios". "A día de hoxe Miño é un lugar atractivo", afirma.

A estreita colaboración co GALP Golfo Ártabro Norte trae a Miño 200.000 euros para proxectos nos dous últimos anos

O Concello de Miño e o GALP Golfo Ártabro Norte manteñen unha estreita e habitual colaboración. Esta boa relación permitiu captar, nos dous últimos anos, preto de 200.000 euros.

Un dos proxectos financiados a través das liñas de axudas do GALP é o obradoiro de 'Cociña Mariñeira', unha iniciativa que permitiu que se producise a transferencia de coñecemento entre os cociñeiros e cociñeiras dos locais de hostalería do municipio, aprendendo novas técnicas e creando pratos como o exitoso Bolo Mariñeiro.

Entrega do recoñecemento polo proxecto de protección das marismas

Por outra banda, o GALP financia a posta en marcha dun Centro Municipal de Emprego, Emprendemento e Formación en Miño, que estará situado na primeira e na segunda pranta da Casa do Pescador e que contará, ademais de cun espazo de coworking, con aulas formativas para a organización de cursos.

Por último, coa colaboración do Club Náutico de Miño e da Universidade da Coruña, grazas a unha subvención do GALP levouse a cabo unha actuación medioambiental de protección das marismas, identificando e catalogando minuciosamente as diferentes especies invasoras, que foi recoñecida como un dos proxectos máis relevantes que se realizaron ao amparo do programa FEMP 2014-2020.

O persoal laboral municipal asina o que é o seu primeiro convenio colectivo da historia

O goberno local e os representantes sindicais mantiveron negociacións previas

O salón de plenos acolleu o acto de sinatura do convenio colectivo

O Concello de Miño continúa, pouco a pouco, a solucionar situacións anómalas que se producían no seu seo. Así, asinou o primeiro convenio colectivo para o persoal laboral municipal da súa historia.

Así, tras meses de negociacións entre os representantes sindicais e o Concello, a mediados do mes de decembro o alcalde de Miño, Manuel Vázquez Faraldo, e a concelleira de Persoal, Emma González, asinaron cos sindicatos e representantes do persoal laboral o documento que actualiza as súas condicións.

Faraldo expresou a súa satisfacción por "corrixir esta histórica deficiencia" e durante o acto, que se levou a cabo no salón de plenos da casa do concello, lembrou que "a obriga de cantos traballan na administración é servir a cidadanía con eficacia, eficiencia e boa atención, o que é se cabe aínda máis importante na administración local, a máis próxima á veciñanza".

Urbanismo, Contratación e Servizos Sociais, máis áxiles

Hai determinadas áreas do Concello que, pola demanda que xeran, necesitan ser dotadas do persoal axeitado para dar unha boa resposta á veciñanza. Iso é o que vén de facer o goberno local coa aprobación da terceira modificación da súa Relación de Postos de Traballo (RPT), co obxectivo de axilizar as xestións nas áreas de Urbanismo, Contratación e Servizos Sociais.

Así, este trámite permitiu crear unha praza de arquitecto/a, unha de técnico/a de administración e tamén outra de traballador/a social. "No caso da praza de arquitecto, cremos que é necesario reforzar a área de Urbanismo para poder axilizar todas as xestións derivadas do constante crecemento de poboación que estamos a ter", explica Manuel Vázquez Faraldo, que sinala que "hai dous anos tiñamos un atraso considerable na concesión da licenzas e, ao ver que se regularizaba a situación grazas a unha contratación temporal que fixemos, constatamos que era necesario crear esta praza de arquitecto".

Sobre o técnico de administración o rexedor indica que "ten que ver con que a área de Contratación está medrando moitísimo, sobre todo no apartado de xestións de subvencións" e, en referencia ao traballador/a social, comenta que "agora mesmo hai un contratado a través da Deputación, consideramos que é necesario que esa praza sexa propia para que continúe".

Concentración fronte á casa consistorial

Apoio total ás reivindicacións das traballadoras do SAF

As traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) a nivel autonómico iniciaron o pasado 2 de novembro unha folga indefinida, solicitando un convenio digno e sinalando a precariedade que viven as persoas empregadas neste oficio. O Concello quixo mostrar o seu total apoio a estas reivindicacións e Faraldo reclamou "que a patronal e os representantes sindicais senten e cheguen a un acordo xa".

Investimento de máis de 3 millóns de euros na renovación da iluminación pública

A actuación finánciase en parte mediante unha subvención de 1,8 millóns de euros por parte do IDAE

A antiga instalación da rede de iluminación pública ten os días contados en Miño. O Concello adxudicou o proxecto para renovar e xestionar a iluminación pública en todo o municipio por 3.070.516 euros. A obra conta cunha subvención de 1,8 millóns de euros do Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía (IDAE), a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e permitirá a renovación de 4.534 puntos de luz por todo o municipio.

O proxecto inclúe a substitución das actuais luminarias de vapor de sodio, haloxenuro metálico ou vapor de mercurio por outras tipo LED, máis eficientes, e tamén a actualización dos 92 cadros de mando existentes para adaptalos á normativa vixente, e conseguir así un importante aforro económico.

Iluminación no núcleo urbano

Finaliza a mellora da vía de Carantoña cara á Lameira

A nova pavimentación

O Concello deu por rematados recentemente os traballos de pavimentación na vía que une Carantoña cara á Lameira. Esta actuación, que permitiu mellorar a seguridade viaria da zona e que se enmarca no plan de renovación de toda a rede viaria municipal, contou cun orzamento total de 39.949 euros, que foron sufragados a través do financiamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader).

Esta obra incluíu, ademais da pavimentación da plataforma con aglomerado en quente, a limpeza das cunetas e a sinalización horizontal.

Ábrese a fase de licitación para o asfaltado de 8 camiños en Callobre, Bemantes e Carantoña

O proxecto para asfaltar 8 camiños nas parroquias de Callobre, Bemantes e Carantoña, que correrá a cargo do Concello, xa está en marcha.

A iniciativa, xa en fase de licitación está valorada en 123.451 euros.

En Callobre: Barbeita – Vigo, Vigo a DP-4804, DP-4804 a Peñascal, DP-0906 a Requeixo e DP-0906 a Cachufeira. En Bemantes: camiño da Fonte en Ansimonde. e AC-160 – Padrín. En Carantoña: DP-0906 – A Torrelonga.



Plano coa localización das actuacións

A Deputación da Coruña finaliza o traballo de pintado na DP-4802

Xa están rematados os traballos de pavimentación e pintado levados a cabo pola Deputación da Coruña na DP-4802.

A actuación, feita na rede provincial de estradas, realizouse a petición do Concello para mellorar o estado da vía e a seguridade dos seus usuarios.

As obras de mellora comprenderon o tramo desde a praia de Perbes ata a Fonte da Leira, na estrada de Perbes a Campolongo.

O Concello reinicia as obras de reforma no Club Naútico

O novo contrato para finalizar esta actuación conta cun orzamento de 307.000 euros

O Concello de Miño xa reiniciou as obras de reforma e ampliación do Club Naútico. Estas obras, empezadas no 2021, víronse paralizadas polo desistimiento da empresa adxudicataria por problemas alleos á actuación.

O novo proxecto, que conta cun orzamento total de 307.280,38 euros, ten como obxectivo finalizar as obras o antes posible. Durante os traballos realizados no primeiro concurso, que supuxeron un investimento de preto de 80.000 euros, a empresa xa completara a parte máis complexa vinculada ás actuacións de tipo estrutural.

Deste xeito, partindo dos traballos feitos, agora levarase a cabo a finalización da ampliación do edificio do ximnasio, a redistribución dos espazos interiores para conseguir vestiarios e aseos accesibles e a construción dunha nova edificación destinada á carga e descarga que servirá de nexo entre as dúas partes xa existentes.

O Concello asume totalmente o incremento dos prezcos, que encareceu a obra en 130.000 euros, sen recibir, neste caso, o apoio da Xunta de Galicia.

As obras implican unha ampliación e mellora das instalacións

Instaladas novas bandas biondas en diferentes puntos do municipio

Vías con máis seguridade

A mellora da seguridade viaria no Concello continuou coa instalación de bandas biondas nas zonas de Candá de Abaixo (Leiro), Bañobre e Bollo.

O goberno local, que investiu 22.600 euros, xa rematou a colocación, en diversos tramos, destas bandas coas que pretende mellorar a seguridade viaria de todo o municipio.

Un novo peche perimetral para o parque infantil do Porto

O goberno local proxectou unha actuación de mellora para o parque infantil do Porto.

O antigo peche perimetral de madeira do parque infantil foi substituído por outro realizado en material reciclado que é máis resistente e duradeiro.

Esta actuación cubriu os 86 metros de valado con polimero cunha orixe 100 % reciclada a partir de residuos plásticos. Este novo peche non requirirá mantemento, ademais de ser antiescorregadizo e de aspecto orgánico e natural, mantendo deste xeito o equilibrio visual coa contorna.

A actuación repetirase noutros parques segundo a dispoñibilidade económica municipal.

Vista do perímetro do parque

Novas actuacións para mellorar a seguridade peonil na vila

Elementos de protección

Desde o goberno local volvéronse a tomar medidas para a mellora viaria no núcleo urbano e en Costa Miño. Durante esta nova actuación instaláronse 13 pasos de peóns sobreelevados, mellorouse a accesibilidade nos pasos de peóns da Carreira, Raxel e Barrosa e colocáronse barreiras para evitar a súa invasión por parte dos vehículos.

Mellora da circulación coa nova conexión da N-651 coa AP-9

Faraldo solicitou que no proxecto se tivesen en conta os intereses do municipio

A Demarcación de Estradas do Estado iniciou a redacción do proxecto para unha nova conexión da estrada N-651 coa autoestrada AP-9 no núcleo de Miño, unha actuación longamente demandada que permitirá mellorar a circulación no municipio. Grazas a esta obra, que contempla a construción dun enlace, os vehículos poderán facer todos os movementos de tráfico entre a AP-9 e a N-651, independentemente do sentido da marcha. Ademais, permitirá evitar a conxestión do ramal de saída da autoestrada que se produce no verán e que os vehículos que queiran acceder á N-651 teñan que pasar polo núcleo urbano.

Inicialmente, a redacción do proxecto incluía a habilitación dun carril adicional no ramal que dá acceso á praia Grande desde a peaxe. Manuel Vázquez Faraldo logrou o compromiso por parte do xefe da Demarcación de Estradas, Ángel González del Río, de que, tal e como demandaba o Concello, non se incluíse.

Ao encontro, realizado na Delegación do Goberno, asistiron o delegado do Goberno, José Miñones, membros do goberno local e técnicos de Estradas. O rexedor agradeceu que "Estradas rectifique e, atendendo ás necesidades de Miño, non vaia incluír o carril adicional, do que nunca se falou e que suporía unha importante afección á marisma, algo que non podemos permitir ao ser un ecosistema que estamos decididos a protexer".

Vázquez Faraldo e membros do goberno local na reunión na Delegación do Goberno

Unha obra para previr a falta de auga no verán

O Concello presentou, ante Augas de Galicia, un borrador dunha obra que permita mellorar a captación de auga no río Lambre e evitar posibles episodios de desabastecemento, especialmente no verán.

Na actualidade, estase redactando un proxecto que ten o obxectivo de reparar os danos ocasionados polo desvío natural do leito do río Lambre nas proximidades da zona de captación. Segundo o proxecto, o 90% do volume do caudal transcorre xa polo novo leito e a erosión causada por esta nova canle afectou á obra civil da represa (barreira feita para mellorar o desvío de parte do caudal).

O Concello apunta que o caudal do río permite manter a subministración de auga na captación, pero advirte de que "a medida que transcorra o período de estiaxe, existe máis risco de non poder manter a regularidade da subministración á poboación, particularmente nos meses de máis gasto, como son os da época estival, coincidente cos meses de xullo e agosto".

Visita co presidente da Deputación ao lugar da futura obra

A senda de Ponte do Porco á Ponte do Lambre, máis preto

A Deputación da Coruña adxudicou por 19.057,50 euros a redacción do proxecto para a construción dunha senda peonil nas marxes da estrada provincial DP-4804 entre A Ponte do Porco e a Ponte do Lambre. A obra contribuirá a facilitar o tránsito peonil e mellorar a seguridade de veciños e peregrinos, xa que o tramo forma parte do itinerario do Camiño Inglés.

O tramo obxecto deste proxecto ten unha lonxitude de algo máis de 1,3 quilómetros e actualmente conta cun ancho de calzada reducido, inferior aos catro metros, sen beiravías nin zona habilitada para a circulación de peóns, a pesar de ser frecuentado por numerosos peregrinos.

O Concello licita a renovación integral da praza da Fonte

A actuación, valorada en 115.401 euros, inclúe o acondicionamento de todo o espazo

O Concello publicou a licitación do proxecto para a renovación total da praza da Fonte, cun orzamento total de 115.401 euros. A actuación busca solucionar as problemáticas que presenta o espazo, implicando a ordenación dos usos e do espazo de aparcamento co fin de optimizar a súa capacidade.

Ademais, tamén abarcará o acondicionamento dos camiños que acceden á praza, a segregación do tráfico rodado do peonil, a renovación do pavimento e a estética do espazo, a recuperación de especies arbóreas, a plantación de novos exemplares e a reparación da pista multiusos mellorando o pavimento, a accesibilidade e a seguridade da bancada anexa.

Os traballos tamén tratarán o tramo do Camiño de Santiago que pasa pola praza, no cal se pavimentará unha franxa de polo menos catro metros de anchura, con espazos para descanso, integración da fonte xa existente e o seu camiño histórico de acceso.

Plano da obra prevista na praza da Fonte


A actuación inclúe o acondicionamento de todo o espazo

Ampliación do abastecemento e o saneamento en Visouteiro

Vivendas ás que beneficiará

Iniciouse o proceso de licitación para ampliar as redes de abastecemento e de saneamento no núcleo de Visouteiro, na parroquia de Leiro. Esta actuación, que conta cun orzamento de 57.039 euros, permitirá dar servizo a varias vivendas que, a día de hoxe, non contan con rede pública de sumidoiros e de abastecemento. Para iso, instalaranse dous colectores e dous tramos de tubaxes, continuando os existentes.

Licitados os traballos de mellora de varios camiños en Bemantes, Bañobre e Vilanova

O Concello dá continuidade ao seu plan de mellora de camiños en todas as parroquias coa recente entrada á fase de licitación pública dos traballos de mellora e acondicionamento do firme en: As Cobelas (Bemantes), no Camiño Real (Bañobre) e no Camiño de Ar en Buíña (Vilanova).

Os traballos consistirán na pavimentación das citadas vías, mellorando así as condicións de circulación e a seguridade viaria para o tráfico rodado.

Adicionalmente, inclúese a limpeza de cunetas e a habilitación das correspondentes sinais horizontais de seguridade viaria. Tanto no Camiño Real como no de Ar instalarase unha tubaxe de PVC para a rede de saneamento, e colocaranse estruturas para a suxeición de contedores con brazo frontal.

As Cobelas


Camiño Real

Camiño de Ar

Viadeiro xa conta cun itinerario peonil completo e seguro

A última actuación permitiu continuar a xa realizada entre os núcleos do Outeiro e Viadeiro

O Concello de Miño finalizou as obras de continuación da senda peonil de Viadeiro, cun orzamento de 35.563 euros, dentro dos traballos para mellorar a seguridade nese núcleo, na parroquia de Castro, en paralelo á estrada por onde transcorre o Camiño Inglés.

A actuación, que se desenvolveu nun tramo de 500 metros de lonxitude, incluíu traballos de delimitación da zona peonil, a canalización de augas pluviais e a instalación dun bordo de seguridade. Foi unha obra de baixo impacto xa que o material utilizado para a senda tamén é de formigón lavado, mantendo un criterio estético acorde co itinerario compostelán.

Zona delimitada para os peóns

Incremento da seguridade viaria co novo itinerario

As obras no camiño da Pedreira, en Leiro, case rematadas

Momento do inicio dos traballos

O goberno local está a levar a cabo as obras de saneamento e pavimentación no camiño da Pedreira, na parroquia de Leiro. O proxecto está financiado a través do Plan Único da Deputación da Coruña.

A actuación inclúe a execución da rede de saneamento e pluviais mediante a instalación de pozos de rexistro e tubaxes de PVC, que xa finalizou. Posteriormente, renovarase o firme da vía, traballo que se realizará cando as condicións climatolóxicas o permitan. Estes traballos resolverán, por fin, unha necesidade básica e unha longa demanda da veciñanza.

Renovación do pavimento e os servizos na rúa Camiño Real

Está pendente o asfaltado

O Concello encara a última fase das obras na rúa Camiño Real. Os traballos incluíron a demolición do pavimento, reposición de tubaxes e instalación de pozos de rexistro. Está previsto o asfaltado para cando mellore o tempo.

Mellora de camiños en Miño, Castro, San Xoán e Perbes

O Concello sacou a licitación pública os traballos de acondicionamento en Miño, Castro, San Xoán e Perbes que contan cun investimento total de 236.133 euros procedentes do remanente municipal. Nos tres núcleos reporase o firme, limparanse as marxes das vías e sinalizarase horizontalmente. No caso de Ponte do Porco (Miño) tamén se inclúe un novo paso elevado que terá 4 metros de ancho, adecuaranse as beirarrúas e instalaranse postes de polietileno para delimitar o cruzamento do camiño de Santiago.

Localizacións das actuacións

A renovación da rede xeral de abastecemento, a piques de iniciar

O goberno local adxudicou as obras de renovación na rede de abastecemento e do firme no Outeiro, Sombreu. A iniciativa, cun orzamento de 200.378 euros, está financiada por uconvenio coa Deputación da Coruña.

As obras permitirán substituír un tramo da rede xeral do municipio que, ao ter unha antigüidade superior a 40 anos, sofre roturas todos os anos, case sempre na época de verán, e require dunha renovación urxente.

A necesaria reforma e ampliación da escola infantil municipal 'A Ceboliña' xa está en marcha

A actuación contempla a recuperación da aula de usos múltiples e a creación de novas aulas

Manuel Vázquez Faraldo e membros do goberno local durante unha visita ás obras

O Concello iniciou as obras do proxecto de reforma e ampliación da escola infantil municipal 'A Ceboliña'. A actuación, que conta cun orzamento de 105.179 euros, subvencionada con fondos europeos a través da Xunta, pretende dar resposta á demanda xerada neste servizo debido ao incremento da poboación do municipio nos últimos anos.

O obxectivo das obras é ampliar e mellorar as instalacións. Os traballos inclúen a recuperación da aula de usos múltiples e a creación de novas aulas que permitan ampliar as prazas. Ademais, contémplase deixar fóra das instalacións da escola o ascensor do edificio, que actualmente non se pode usar xa que coas obras realizadas no ano 2014 quedou situado dentro dunha zona de paso do alumnado.

O patio do CEIP de Bemantes xa conta cunha nova cuberta

O Concello rematou as obras de construción da cuberta no patio da escola unitaria de Bemantes, coas que se pretendía ofrecer ao alumnado do centro unhas mellores condicións de xogo no seu tempo de lecer.

A actuación, que contou cun orzamento total de 48.887 euros procedentes do remanente, permitirá, a partir de agora, tanto aos estudantes como ao profesorado, poder facer uso deste espazo independentemente das condicións meteorolóxicas, algo inviable hai meses.

Desde o goberno local, sinalaron a importancia 'de poder ofrecerlle aos nosos estudantes, que son o futuro de Miño, as mellores condicións posibles, xa sexa dentro ou fora das aulas' e esperan que coa nova cuberta construída no centro 'os nenos e nenas do CEIP Bemantes poidan gozar do patio durante todo o ano sen ter que preocuparse polas condicións meteorolóxicas' .

Acto de inauguración

Rematan os traballos na rede de pluviais en Candá de Abaixo

Continúan as obras de mellora na rede de recollida de augas pluviais e a creación dun muro de contención no lugar de Candá de Abaixo, na parroquia de Leiro.

Os traballos, que permitirán lograr unha recollida máis eficiente de auga, solucionando as incidencias nesa zona, teñen un orzamento de 52.000 euros e están financiados co Plan Único da Deputación da Coruña.

Execución da obra

O Nadal en Miño: actividades para toda a veciñanza

A programación de Nadal municipal está repleta de accións e actividades aptas para todos os públicos e gustos

Ano tras ano, o Concello continúa deseñando e executando, independentemente do contexto, unha programación para o Nadal repleta de actividades para toda a veciñanza. Nesta ocasión, comezaron cunha visita á iluminación de Nadal en Vigo.

Nas pistas de Rabazal instalouse o Poboado de Nadal. Esta 'aldea' preparouse para acoller as visitas de Papá Noel e do carteiro real. O día 30, a rapazada desfrutará, na biblioteca pública Concepción Arenal de Miño, dos Contacontos con Monicreques e da obra 'O Apalpador e a nena sen medo', a cargo da compañía teatral A Xanela do Maxín.

Tamén se idearon actividades centradas no eido deportivo. O 26, 27, 28, 29 de decembro, na Galea, haberá un taller multideporte onde se impartirán lecciónns de fútbol sala, baloncesto, pádel e tenis. No pavillón polideportivo municipal, o 2 de xaneiro, haberá unha xincana deportiva con quenda de mañá e tarde. Ao día seguinte, impartirase un taller de balonmán e, finalmente, o día 4, haberá un 'laser tag'.

5 xaneiro de 2023

VISITA DOS REIS MAGOS

Leiro (parque infantil)	10:30 h
Leiro (rúa Vella)	10:40 h
Centro Social de Carantoña	10:50 h
Centro Social de Viadeiro	11:00 h
Centro Social de Bemantes	11:20 h
Centro Social de Callobre	11:50 h
Pistas en Bra	12:20 h
Centro de Día	12:30 h
Centro Social do Ponte do Porco	12:50 h
Campo de San Paio	13:10 h
Centro Social de Xarío	13:30 h
Aparcadoiro público rúa A Fraga	14:00 h

CABALGATA DE REIS

Ás 18:30 horas as carrozas dos Reis Magos sairán da Praia Grande de Miño percorrendo as rúas de Loios, Cobo, Estrada da Praia, Barrosa, Carreira e Raxel e volvendo ata a rúa do Mercado.
A partir das 20:00 horas será a recepción dos Reis Magos nas Pistas de Rabazal.

Campaña 'Miño, seis praias e moito máis... Tamén no Nadal!' pola que, a través dun spot televisivo, se promociona Miño como destino durante todo o ano

2022

NADAL EN MIÑO

TURISMO

VISITA ÁS LUCES DE NADAL DE VIGO

Sábado, 17 de decembro

Dirixido a todas as idades, os menores deberán ir acompañados por un adulto. Terán preferencia as persoas empadroadas en Miño.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS

TALLER MULTIDEPORTE

26, 27, 28 e 29 de decembro / 11:00 a 14:00 h
A Galea

Deportes: fútbol sala, baloncesto, pádel, tenis

XINCANA DEPORTIVA

Luns, 2 de xaneiro
Pavillón polideportivo municipal

Quenda de mañá: **11:00 a 14:00 h**
Quenda de tarde: **16:00 a 19:00 h**

TALLER DE BALONMÁN

Martes, 3 de xaneiro / 11:00 a 14:00 h
Pavillón polideportivo municipal

LÁSER TAG

Mércores, 4 de xaneiro
Pavillón polideportivo municipal

Quenda de mañá: **11:00 a 14:00 h**
Quenda de tarde: **16:00 a 19:00 h**

ACTIVIDADES CULTURAIS

POBOADO DO NADAL

Durante as datas de Nadal contaremos cun poboado situado nas pistas de Rabazal no que tamén se farán as seguintes actividades:

VISITA DE PAPÁ NOEL

Xoves, 22 de decembro / 17:00 a 20:00 h
Venres 23 de decembro / 11:00 a 14:00 h

VISITA DO CARTEIRO REAL

Xoves, 29 de decembro / 17:00 a 20:00 h
Venres, 30 de decembro / 11:00 a 14:00 h

CONTACONTOS CON MONICREQUES

Venres, 30 de decembro / 18:00 h
Biblioteca pública Concepción Arenal de Miño

O Apalpador e a nena sen medo, a cargo da compañía teatral A Xanela do Maxín

Un itinerario máxico polo Río Medio

O Concello destinou 50.000 euros,para rehabilitar os catro muíños da ruta e poñer en valor un percorrido apto para todos os públicos

O Concello ven de rematar os traballos de rehabilitación dos catro muíños do 'Roteiro dos Muíños do Río Medio'. A actuación, cun investimento de 48.395,04 euros, tiña como obxectivo poñer en valor un itinerario rodeado de natureza e apto para todos os públicos.

Os traballos realizados incluíron a limpeza do terreo e dos entullos dos muíños, a reparación das cubertas, e a instalación de portas e xanelas. Ademais, executouse unha limpeza específica para os elementos tradicionais do muíño, como a roda, a canle de desaugadoiro...

Por outra banda, aproveitouse esta obra para deseñar e colocar cartelería e información sobre o roteiro e os bens ambientais e patrimoniais que nel se atopan, como os muíños da Graña, de Amado, de Miño e o de Albeiro.

O roteiro conta cun itinerario de dificultade media, de 1,3 km de distancia, e apto para todos os públicos.

A proteción do espazo natural das marismas de Baxoi é unha prioridade para o goberno local

Destínanse 102.000 euros a unha acción medioambiental para mellorar as condicións da contorna

Vista aérea das marismas

As marismas de Baxoi, coñecidas polo seu valor ecolóxico, sufriron cambios no seu ecosistema nos últimos anos, polo que a súa recuperación converteuse nunha prioridade para o goberno local.

O Concello anunciou o proxecto, valorado en 102.321,28 euros, para a realización dunha actuación medioambiental completa co obxectivo de mellorar as condicións ecolóxicas e de biodiversidade.

A actuación realizarase na contorna dos ríos Xarío e Baxoi co obxectivo de erradicar especies invasoras, fomentar a vexetación autóctona e dos polinizadores mediante a colocación de caixas niño, refuxios. para insectos e plantación de macizos de especies seleccionadas nos espazos intersticiais do campo de golf.

O proxecto tamén inclúe a creación dunha senda peonil entre a ponte de Baxoi e o viaduto da autoestrada coa súa respectiva sinalización.


Plano da actuación

Recupérase o camiño que une a Capela de Guadalupe coa Ruta dos Muíños

Xa finalizaron os traballos de recuperación do antigo sendeiro que unía a Capela de Guadalupe coa Ruta dos Muíños. A actuación incluía a limpeza da zona e a instalación de pasos seguros.

Recollida do distintivo Q de Calidade Turística para a praia de Ribeira

Manuel Vázquez Faraldo, acompañado de Elena Lage, concelleira de Medioambiente e Servizos, recolleu de mans do presidente da Xunta, Alfonso Rueda, o distintivo Q de Calidade Turística para a praia da Ribeira.

Lavado de cara para o Centro Social 'A Rúa', un equipamento moderno e actualizado

No último ano acometéronse unha serie de actuacións na biblioteca, no auditorio e na conserxería

O goberno local decidiu converter o Centro Social 'A Rúa' nunha infraestrutura de referencia para os veciños e veciñas de Miño. Para iso, foi necesario acometer unha serie de actuacións que permitiron facerlle un lavado de cara moi necesario, creando unhas instalacións modernas e actualizadas, unha actuación cofinanciada polo Concello e a Consellería de Cultura. Na biblioteca, que se bautizou co nome de 'Concepción Arenal', centralizáronse gran parte dos traballos: fíxose unha nova distribución dos elementos e do espazo, creouse unha aula habilitada para o estudo, renováronse os equipos informáticos e aplicouse unha importante man de pintura. Tamén se reformou a zona de conserxería, executando un espazo máis recollido e instalando cámaras de vixilancia, que se controlan e visionan desde ese punto. No auditorio instalouse un novo riel motorizado para o telón.


Control de vixilancia

Equipos informáticos

Conserxería

Novo nome

Zona infantil

Distribución

En trámite a nova ordenanza de aparcamento para autocaravanas

Este regulamento permitirá establecer unhas zonas públicas de reserva de estacionamento

O goberno local abriu o trámite de consulta previa á aprobación da ordenanza coa que se regulará o estacionamento e pernocta de autocaravanas, caravanas e outros vehículos tipo camper no municipio ante o crecemento significativo do turismo itinerante tras a crise sanitaria.

A través da sede electrónica municipal, as persoas e colectivos, poderán facer chegar as súas suxestións.

Manuel Vázquez Faraldo, defende a conveniencia de establecer unhas normas sobre o "turismo itinerante" para garantir a "convivencia entre os distintos medios de transporte á hora de aparcar, sobre todo en período estival".

Imaxe dun estacionamento para autocaravanas

Este regulamento permitirá establecer unhas zonas públicas de reserva de estacionamento e áreas habilitadas para pasar a noite cos correspondentes puntos de reciclaxe. Con isto, preténdese "evitar problemas máis comúns de limpeza e salubridade nas zonas de parada, estacionamento e pernocta".

A Policía Local contará cun vehículo híbrido

O Concello sacou a licitación pública o contrato para a adquisición, por renting, dun vehículo para uso da unidade da Policía Local. O orzamento destinado é de 44.800 euros e está financiado co Fondo de Compensación Ambiental.

No prego especifícase que o vehículo deberá ser novo, de recente matriculación, tipo SUV segmento B ou superior, híbrido (eléctrico-gasolina), con 105 CV como mínimo, de cor branca e incluirá os seguros e servizos de mantemento pertinentes, ademais do necesario equipamento de sinalización óptica e acústica que requiren os vehículos da Policía Local. O contrato contará cunha duración de catro anos desde a súa formalización.

A adecuación da Casa do Pescador permite crear un espazo de traballo colaborativo para favorecer o emprendemento local

O Concello continúa a darlle forma á súa aposta polo emprego e o emprendemento no municipio. Nese obxectivo, a Casa do Pescador será, a partir de agora, un punto focal da actividade empresarial do municipio, grazas ás obras de rehabilitación e dotación de equipamento levadas a cabo para crear o primeiro espazo de traballo colaborativo do municipio.

O 'Coworking Miño' porá proximamente a disposición da veciñanza unha sala de reunións e un espazo de traballo totalmente equipado para fomentar a posta en común de proxectos e as iniciativas emprendedoras que queiran desenvolver alí actividades de todo tipo.

Un espazo amplo e diáfano

Elementos de almacenaxe

Posibilidade de facer presentacións

O Concello reorganiza o tráfico da zona de Rabazal

A actuación pretende mellorar a circulación e o aparcamento da zona

O Concello reorganizou o tráfico na zona de Rabazal co obxectivo de mellorar a circulación e os problemas de aparcamento que había ata o momento nesta zona. Estas rúas son espazos con numerosos comercios e que albergan a feira semanal dos domingos, polo que a reorganización era necesaria.

En novembro informouse a veciñanza de Rabazal dos cambios na dirección de tráfico. Para optimizar a circulación o Concello decidiu reorganizar o tráfico, pasando a ser algunhas rúas dun único sentido.

A circulación queda da seguinte forma: rúa Rabazal (só sentido de saída en dirección á estrada da praia); rúa Camiño da Fonte (só sentido de saída cara á rúa Pardiñeira); tramo final da rúa Pardiñeira (só sentido de saída en dirección á estrada da praia); a rúa Taína mantén o sentido de circulación actual; as rúas Mercado e Pumariega continúan co dobre sentido de circulación.

Cambios na circulación

Miño conta con oito prazas novas de "estacionamento exprés"

O Concello dispón de oito puntos de 'aparcamento exprés' no núcleo urbano. As zonas están pintadas de cor laranxa, e permiten aparcar os vehículos durante un tempo máximo de quince minutos de luns a venres de 09.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.00 horas, e os sábados de 09.00 a 14.00 horas. Os puntos están habilitados en fronte ás dúas farmacias, a oficina de Correos, dúas na rúa Raxel, outros dous na rúa Cobo e o último está na rúa Carreira.

Pódense atopar diante de dúas farmacias

As prazas exprés están colocadas no centro da vila

Segunda visita de 'Coidados Porta a Porta'

Camión do servizo

No mes de decembro o servizo 'Coidados Porta a Porta' volveu a Miño. Instalado nas pistas de Rabazal, ofreceu atención en podoloxía, audioloxía e estimulación da memoria. Este programa autonómico está dirixido ás persoas maiores que viven no rural e ten o obxectivo de contribuír a previr a dependencia.

Miño solidario: a veciñanza colabora coa familia afectada polo incendio en Sombreu

O Concello abriu unha conta bancaria solidaria para que a xente poida facer donacións

En outubro, un incendio en Sombreu levou a vida dunha veciña. Con ela, a súa familia tamén perdeu o seu fogar, que ardeu xunto coas lembranzas de toda unha vida. Ante esta situación, o Concello abriu unha conta bancaria solidaria, co permiso da familia, para que se poidan realizar doazóns económicas para colaborar coa rehabilitación da vivenda.

O número de conta é o ES58-2080-0087-7431-1000-0104. Os cargos só poderán responder a gastos efectivos realizados para a rehabilitación da vivenda e cuxa acreditación conta co correspondente soporte legal.

As lapas afectaron a toda a vivenda

Número de conta para as doazóns

O concello ilumínase a favor de diversas causas

Amarelo pola endometriose

A petición de diversas asociacións e entidades, a casa do concello ilumínase en distintos días do ano a favor de diferentes causas: polo día da endometriose, contra o cancro, o 8 de marzo, a sida, o cancro de mama, as enfermidades neuromusculares ou a diabetes, entre outros.

O goberno local fai entrega dos diplomas dos cursos de redes sociais e primeiros auxilios

Os cursos de redes sociais e primeiros auxilios chegaron ao seu fin co acto de entrega de diplomas. Manuel Vázquez Faraldo e o edil, José Manuel Pantín, foron os encargados de facerlle entrega da titulación aos alumnos das dúas especialidades. "Investir na formación da nosa veciñanza debe ser sempre unha prioridade", destacou o rexedor.

Durante o período formativo as persoas integrantes do curso de redes sociais puideron adentrarse no eido dos medios sociais en liña. Por outra banda, o curso de primeiros auxilios, financiado con fondos do Galp Golfo Ártabro Norte, foi todo un éxito entre os participantes.

Curso de redes sociais

Curso de primeiros auxilios

I Gala do Deporte: a xornada de festa para os deportes en Miño

O centro social A Rúa acolleu o acto, que nace para recoñecer o mérito dos deportistas e entidades do municipio

O Centro Social A rúa foi o epicentro do deporte de Miño, que viviu o venres 16 de decembro a súa xornada de festa nos 'I Gala do Deporte' creada polo Concello para recoñecer anualmente os deportistas, equipos, asociacións e clubs do municipio, e mesmo adestradores ou directivos, que traballaron de forma destacada a favor da promoción do deporte en cada tempada. A gala contou coa asistencia de deportistas, familiares e representantes das entidades deportivas.

Mellor equipo masculino
AD Miño 'B', categoría sénior.

Mellor equipo feminino
Kaiak de mar CDN Miño.

Mellor deportista promesa
María Filgueiras Barcenilla.

Mellor deportista masculino
Juan Vázquez Amado.

Mellor deportista feminina
Nerea Ramallo Bastida.

Á traxectoria deportiva
Rosa Sierra Palmeiro.

Mellor adestrador
Lucas García Sanmartín.

Mellor evento deportivo
Trail Concello de Miño Boucelo-San Ramón.

Deportividade e valores deportivos
Equipo prebenxamín AD Miño.

Mellor club
Club Deportivo Náutico de Miño.

Mencións especiais
Agustín Riveira Anido, Francisco Javier Riveiro Villanustre, travesía a nado Praia de Perbes e Judo Club Bemantes.

O II Trail Concello de Miño solidarízase coa loita das mulleres con endometriose

Este ano o evento apoiou a asociación querENDo coa intención de darlle visibilidade a esta enfermidade

A poboación de Miño volveu a amosar o seu lado máis deportivo e solidario coa segunda edición do Trail Concello de Miño, organizado por Trail Running Galea Sport.

O evento, no que houbo máis de 350 participantes, contou con tres modalidades de participación: o Trail de longa distancia (29,5 km), o de curta distancia (18,5 km) e a andaina (10,5 km).

Un ano máis contou coa participación da asociación querENDo coa intención de visibilizar a endometriose, unha enfermidade que padecen máis de 60.000 mulleres galegas. Previamente á celebración do Trail, e o mesmo día, realizáronse actividades dentro da campaña 'Trail Miño 2022 pola endometriose' no que se instalou un punto de información na meta.

O alcalde con dous dos galardoados

Os gañadores no podio

O evento contou con máis de 350 participantes

III edición da Regata Kaiak de Mar Miño - Memorial Agustín Riveira, do Club Náutico

A praia Grande de Miño acolleu a nova edición da Regata Kaiak de Mar Miño - Memorial Agustín Riveira, á cal asistiron máis de 100 deportistas de 15 clubs diferentes en varias modalidades como k1 e k2. Nesta última o gañador foi o club o Barco.

Chegada a meta

Elevada participación

Ambiente deportivo na Praia Grande

Miño converteuse no epicentro do balonmán

Foto de familia

Miño celebrou, en colaboración co club Balonmán Pontedeume e a Federación Galega de Balonmán, a 'Xornada de Promoción do balonmán Concello de Miño'. O evento conseguiu unha elevada participación, converténdoa nun éxito no que se conseguiu facer chegar o balonmán aos máis mozos.

Manuel Domingo Castiñeira Picallo nomeado fillo adoptivo de Miño

Manuel Vázquez Faraldo destacou a Castiñeira como "un compañeiro de vida de todos nós: xeneroso, aberto, colaborador, entrañable e sempre centrado en mellorar a súa contorna"

O Concello nomeou, de forma oficial, como fillo adoptivo de Miño o que foi o seu párroco durante os últimos 43 anos, don Manuel Domingo Castiñeira. Fíxoo nun acto público celebrado no salón de plenos e no que estiveron presentes, ademais do homenaxeado, o alcalde de Miño, xunto co resto da corporación municipal, así como o presidente da Deputación da Coruña ou os alcaldes de Pontedeume, Vilarmaior e Paderne. Tamén acudiron o cronista de Miño e representantes do tecido asociativo do municipio, ademais de público en xeral.

Manuel Domingo Castiñeira agradeceu a toda a Corporación, á súa familia, á xunta parroquial, ás catequistas, e a todos os representantes do tecido asociativo de Miño este nomeamento. "Manuel Domingo Castiñeira é un compañeiro de vida de todos nós: xeneroso, aberto, colaborador, entrañable e sempre centrado en mellorar a súa contorna".

O novo fillo adoptivo de Miño tivo un recoñecemento para os seus compañeiros de profesión no ámbito rural. A eles dedicoulles unhas palabras poñendo en valor todo o seu traballo, esforzo e dedicación.

Momento da homenaxe

O alcalde, o homenaxeado e o presidente da Deputación

A corporación municipal

Autoridades e veciños encheron o salón de plenos

A Fraga do Xarío e as rúas e fogares de Costa Miño brillan na noite máis terrorífica do ano

O Samaín estivo repleto de actividades pensadas para todos os públicos

Miño celebrou, outro ano máis, o Samaín do xeito máis terrorífico. Entre as actividades programadas houbo xornadas micolóxicas, obradoiros de maquillaxe para os máis pequenos, o concerto dos 'Broken Peach'... Pero o verdadeiramente terrorífico ocorreu en Costa Miño e na Fraga do Xarío. Por unha banda, a urbanización converteuse nunha pequena vila do terror grazas á decoración dos veciños e veciñas. Mentres, na Fraga do Xarío, as cabazas elaboradas no certame impulsado polo Concello fixeron tremer aos que por alí pasaban.



O compromiso coa igualdade mantense durante todo o ano

25N EN CAMIÑO CONTRA A VIOLENCIA

Concentración fronte á casa do concello

Mesa local contra a violencia de xénero

Cursos gratuítos

Aos actos puntuais polo Día Contra a Violencia de Xénero súmanse outras accións e ferramentas na loita pola igualdade

A veciñanza e o goberno local de Miño uníronse, un ano máis, para amosar o seu apoio a loita contra a violencia ás mulleres. Durante a xornada do 25 de novembro, Día Contra a Violencia de Xénero, o Concello organizou unha concentración na Praza do Parchís na que se procedeu á lectura dun manifesto en reclamo da igualdade e na busca dunha sociedade onde a violencia non ten cabida.

Por outra banda, a Mesa local contra a violencia de xénero continúa o seu traballo. Complétase cunha mesa técnica na que participa Servizos Sociais, Policía Local, Garda Civil e o centro de saúde. O obxectivo é tratar casos concretos con discreción.

Tamén se realizaron outras accións como os cursos gratuítos para mulleres desempregadas de 'Muller DIxital'.

Escaleira con mensa no CPI Castro Baxoi

Teño claro que coas novas instalacións imos duplicar o número de socios

Teresa María Oujo

Presidenta do Club Náutico de Miño

Unha entidade que nos últimos anos viviu un constante crecemento, unha referencia para o deporte de Miño. Iso é o Club Náutico de Miño, que visualiza agora un futuro aínda máis esperanzador

Que valoración fas deste ano 2022 que remata?

Foi complicado a nivel institucional tanto para os deportistas como para os adestradores, xa que non podemos usar as instalacións desde o mes de setembro do ano pasado debido ás obras de ampliación e reforma. É difícil organizar os adestramentos porque temos o material gardado en diferentes puntos. Na directiva seguimos traballando para a consecución de diferentes subvencións. Cremos que neste apartado estamos a facer unha moi boa xestión e iso é o que nos está facendo medrar.

Aínda así os resultados deportivos están a ser satisfactorios.

Pois si, por exemplo o equipo feminino quedou en terceira posición no campionato galego, acadamos un cuarto posto na liga provincial... Estou falando de memoria, hai moitos máis éxitos. O certo é que máis ou menos continuamos na mesma liña dos últimos anos. Contamos cun gran corpo técnico, cun director técnico como Óscar Carrera, un dos mellores posibles pola súa traxectoria, que foi olímpico e que supón un apoio moi importante para Lucas e José, os adestradores principais.

Sodes unha entidade en claro ascenso

Houbo algunhas baixas de socios, sobre todo de usuarios e usuarias do ximnasio, xa que non poden facer uso das instalacións. Cando conseguimos que se aprobase a obra, pasamos de 76 licenzas a moitas máis de 100. Agora, polas circunstancias, baixamos pero teño claro que coas novas instalacións imos recuperarnos, atrévome a dicir que imos duplicar o número de socios.

Que suporá para o club ter estas novas instalacións?

Creo que imos dar un salto importante. Amplíase o ximnasio, e non creo que estea dicindo unha barbaridade, cunha superficie tres ou catro veces maior da que tiñamos. Ademais, toda a maquinaria vai ser nova, imos ter vestiarios máis amplos, un galpón para gardar as embarcacións.... Os rapaces van ter unhas mellores condicións para poder prepararse para saír a auga. Era unha obra longamente demandada e moi necesaria porque as instalacións eran antigas e non se adecuaban ás nosas necesidades.

Notas que, cada vez máis, os nenos e nenas de Miño queren facer deportes náuticos?

Os deportes náuticos aquí gustan moito, sobre todo no verán. Os máis pequenos desfrutan estando na auga. Nós sempre facemos algunha xornada relacionada co piragüismo pero incluíndo outro tipo de temáticas, como pode ser a ambiental.

Algún desexo en especial para o ano 2023?

Que poidamos usar, o antes posible, as novas instalacións. Sería o noso mellor regalo de Reis. Eu non pido máis pero se está en Semana Santa, índome ao lonxe, estaría contenta. Sei que a espera é longa pero merece a pena. Eu aos nenos, cando imosadestrar e vexo que se desaniman, dígolles que xa queda pouco e eles ilusiónanse ao ver os avances que se producen día a día na obra. Que se xa se acabou isto, que xa se ve o outro... Non queda nada.

SAÚDA DO ALCALDE

Manuel Vázquez Faraldo

Benqueridos veciños e veciñas, son días de felicidade para todas e todos. Teño que dicir que, no persoal, o Nadal é unha época que me trae moi boas lembranzas. Coincide que neste tempo tamén me fago un ano máis vello polo que no meu caso a celebración sempre foi dobre. O Nadal tamén é unha época de esperanzas, de ilusión e de propósitos. Esas tarefas ou desexos que todos nos marcamos para comezar un novo ano coas baterías cargadas. Teño a ilusión de que o 2023 vai ser un ano bo para Miño, no que agardo que se poidan consolidar moitos proxectos que xa temos iniciados, nos que depositamos moitas horas de traballo e moito esforzo. Un dos que máis ilusión me fai é a reforma das instalacións do Club Náutico, unha obra que responde a unha demanda histórica, para a que tivemos que loitar moito e que pronto será unha realidade. Esta é unha das cousas máis fermosas do meu traballo, ver como proxectos tan necesarios, que axudan a moita xente, saen adiante. No 2023 tamén queremos continuar subidos nese tren do avance no que está agora Miño, que nos últimos tempos pasou dunha época escura a outra de esperanza. Somos un dos municipios da comarca que máis está a medrar, cada vez máis familias queren vir vivir e desfrutar do noso pequeno paraíso. Queremos que isto siga sendo así. Pronto veredes que no 2023 teremos moi boas novas para Miño en todos os ámbitos, no social, no económico, nas infraestruturas... Mentres, pasade unhas moi boas festas e **Feliz 2023!**